



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NA "CIUDAD INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE" EN PONTEVEDRA

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

Reunidos

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 8 de abril de 1991.

E doutra, don Luís López Diéguez, presidente da Excelentísima Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do nomeamento efectuado en sesión plenaria constitutiva de data 6 de xullo de 2023, e polas competencias que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro

As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Segundo

A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse a Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro

A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto

A Consellería de Política Social e Igualdade ten asumido entre as súas competencias establecidas no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Ademais das persoas en situación de garda ou tutela por parte da administración, o artigo 37 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, estende a aplicación das previsións desta norma "ás persoas maiores de idade nos supostos expresamente previstos no ordenamento xurídico ou, en relación con aspectos concretos, cando aquelas fosen obxecto dalgunha das medidas administrativas ou xudiciais previstas neste título antes de acadar a condición referida".

Quinto

A Deputación Provincial de Pontevedra, con NIF P36000000H no marco das súas competencias e conforme á normativa de réxime local en materia de asistencia social, e como entidade rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1340, dispón entre os seus recursos asistenciais dun complexo asistencial denominado "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", sito na Avenida de Montecelo número 12 de Pontevedra, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de centro con fogares. Neste





complexo préstanse, entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o órgano da Xunta de Galicia actualmente competente en materia de asistencia social, a Consellería de Política Social e Igualdade, servizos de atención a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas socio-familiares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas, etc. na súa propia familia.

Sexto

O complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe" está formado por un conxunto de unidades de convivencia. Ten, entre os seus recursos, os seguintes tres centros destinados ao acollemento residencial e a atención de día de menores: Centro Infantil Príncipe Felipe, Centro Infanto Xuvenil Agarimo e Centro Infanto Xuvenil Escola Fogar.

O complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe" integra as seguintes características:

- Labor prestada polo centro: asistencia social e educativa

A orixe do complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe" como elemento integrador do Fogar Provincial e do Colexio de Sordomudos da Lanzada, aínda que aparentemente afastada, determina de maneira significativa a natureza e os recursos cos que conta o centro.

A asistencia social constitúe a base da actividade do complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", asumindo como misión a atención a menores que se atopan en situación de desamparo, proporcionando a protección adecuada ante situacións de necesidade tanto no ámbito económico como emocional.

- Persoal

O equipo humano que atende directamente as persoas menores no complexo Ciudad Infantil Príncipe Felipe está formado polos seguintes perfís profesionais: directores/as, educadores/as, técnicos/as especialistas en educación diurna e nocturna, traballadores/as sociais e psicólogos/as, servizo médico/enfermería, persoal adscrito a servizos transversais (oficiais de condutor, comedor, cociña, lavandería, control e vixilancia, mantemento, etc.).

- Emprazamento e dependencias

O complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe" está situado xeograficamente no concello de Pontevedra, na parroquia de Mourente, ocupando unha extensión total de 118.460 metros cadrados.

A distribución dos edificios que conforman o complexo é a grandes trazos a seguinte:

- Edificio 1. Neste edificio comparten espazos o Centro Infantil co Comedor Xeral, ca Unidade da Cociña e coa Unidade de Enfermería que dan servizo a todo o Centro "Ciudad Infantil Príncipe Felipe".
- Edificio 2. Neste edificio atópase o Centro Infanto-Xuvenil Escola Fogar.
- Edificio 3. Neste edificio comparten espazos o Centro Infanto-Xuvenil Agarimo co Centro de Educación Especial Pontevedra e co Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza.





- Edificios que prestan servizos transversais: Servizo de Control e Vixilancia, Lavandería, Talleres de Mantemento, Administración e Dirección, Residencia, Instalacións deportivas (pavillón, campo de fútbol, piscinas), Cafetería e Almacén Xeral.
- Edificios educativos en edificios arquitectonicamente independentes:
 - o Escola Infantil que comparte instalacións coa Asociación Alba.
 - o Colexio de Educación Infantil e Primaria Daría García González.

Sétimo

Ambas as dúas partes establecen como obxectivos xerais de atención aos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, os seguintes:

- Mellorar a situación persoal e socio-familiar dos/as menores procurando, en xeral, a reintegración do/a menor na familia de orixe ou, se non é posible o anterior, nunha familia acolledora. De todos os xeitos procurarase que os internamentos duren o menor tempo posible, poñendo ambas as dúas partes os medios necesarios, no ámbito das súas competencias, para acadar o dito obxectivo.
- O ingreso dun/dunha menor, aínda que sexa de modo temporal, só se deberá realizar cando se esgoten todas as posibilidades de mantemento do neno/a na súa familia, a través da utilización doutros recursos preventivos como son as axudas económicas, os apoios ás familias, as achegas escolares, etc.
- Os/as menores acollidos/as no centro serán obxecto dun tratamento individualizado por parte do equipo educativo e dun seguimento evolutivo conforme aos criterios de elaboración das diferentes áreas de actuación referidas no proxecto educativo individualizado do/a menor.
- A utilización ao máximo dos recursos que ofrece a sociedade: escolares, de lecer e calquera outro que contribúa a unha maior integración do/a menor nela.
- Ofrecer atención a nenos, nenas e adolescentes en situación de desamparo. Os centros de acollemento do Complexo, dedícanse a garantir que as persoas menores poidan ter cubertas todas as súas necesidades materiais, afectivas, educativas e outras pola súa propia familia, pese ás dificultades sociofamiliares.

Os servizos de atención a menores de protección préstanse nos centros de acollemento do Complexo.

Ao chegaren as partes a un acordo e recoñecerse mutua capacidade, outorgan o presente convenio para establecer o réxime de colaboración para a atención de menores de protección, conforme as seguintes estipulacións:





CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Deputación Provincial de Pontevedra para a prestación do recurso de acollemento residencial e de atención diurna no complexo Cidade Infantil Príncipe Felipe, un establecemento do que é titular a Deputación Provincial de Pontevedra, para a atención de menores tutelados, en situación de garda ou de apoio á familia. De acordo co disposto no artigo 37 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, tamén poderán ser beneficiarias deste recurso de acollemento residencial e diurna as persoas maiores de idade que fosen obxecto dunha medida de protección antes de acadar esa condición, sempre que cumpran a maioría de idade no dito centro.

De conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, enténdese por acollemento residencial como medida de protección, aquel que se produce cando a persoa menor foi declarada en situación de desamparo e a entidade pública competente asumiu a súa tutela ou garda, co seu ingreso nun centro residencial de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, a educación e a formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non lle poida proporcionar a súa propia familia. Así mesmo, como forma de exercicio da garda, este acollemento comporta para quen a exerce as obrigas de velar pola persoa menor, ter na súa compañía, alimentala, educala e procurarlle unha formación integral.

Así mesmo, de conformidade co disposto dita na Lei 3/2011, do 30 de xuño, a medida de apoio á familia é aquela a través da que se dá cobertura ás necesidades do neno, nena ou adolescente e se promove a mellora do seu medio familiar, co fin de preservar a convivencia e evitar a separación deste. Esta medida levarase a cabo por medio do recurso de atención de día integral.

Segunda. Equipamento e recursos materiais

O complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", configurado como un conxunto de unidades de convivencia, inclúe, como parte fundamental dos seus recursos para a protección da infancia e adolescencia, tres centros especificamente destinados a proporcionar acollemento residencial de protección e/ou servizos de atención de día a persoas menores, consonte as definicións establecidas na normativa vixente:

- Centro Infantil.
- Centro Infante Xuvenil Agarimo.
- Centro Infante Xuvenil Escola Fogar.

Estes tres centros son os establecementos dentro do complexo dedicados a estas modalidades de atención especializada.





Terceira. Distribución das prazas e beneficiarios

No marco da colaboración obxecto do presente convenio, a Deputación Provincial de Pontevedra pon á disposición da Consellería de Política Social e Igualdade, para a atención de persoas menores do sistema de protección, un máximo de 105 prazas nos centros de acollemento do Complexo que conforman o complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe". Estas prazas distribúense do seguinte xeito:

- 75 prazas en réxime de acollemento residencial de protección.
- 30 prazas en réxime de atención de día.

A distribución poderá axustarse en función das necesidades específicas de atención detectadas pola Consellería, sempre dentro do número total de prazas conveniadas para cada modalidade.

Cuarta. Compromisos da Deputación Provincial de Pontevedra

1. A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a:

a) Ofrecer ás persoas menores de protección atendidas en réxime de aollemento residencial unha atención que abranguerá as ordes educativa, formativa, de coidado e atención, que permitan o desenvolvemento da súa personalidade individual, velando pola súa educación integral, saúde física e psíquica e desenvolvemento harmónico da súa personalidade, todo isto nun ambiente normalizado. En todo caso, a referida atención terá carácter permanente e prestarase de forma ininterrompida ao longo de todo o ano.

E ofrecer ás persoas menores de protección atendidas en réxime de atención de día integral as axudas materiais e educativas que permitan a mellora do medio familiar e a atención das necesidades do neno, nena ou adolescente, para evitar a separación familiar.

b) Aplicar os protocolos de funcionamento dos centros de protección de menores que en cada momento estean vixentes e aprobados polo órgano competente da Xunta de Galicia, así como cumprir cantas disposicións sobre protección de menores dite o órgano competente da Xunta de Galicia en materia de asistencia social.

c) Prestar, de cara a facer efectivo o disposto nas dúas letras anteriores e de acordo co Decreto 192/2015, do 29 de outubro polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, os servizos de atención aos/ás menores beneficiarios/as que se concretarán nos seguintes:

1º. Servizo de atención residencial en réxime de internado, que comprende:

1º.1. Aloxamento diúrno e nocturno en instalacións adecuadas.

1º.2. Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.

1º.3. Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.

1º.4. Horario continuado as 24 horas do día.

1º.5. Apoio psicosocial e educativo e seguimento escolar, incluíndo matrículas e material educativo e didáctico.





1º.6. Hixiene e educación nos hábitos da saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.

1º.7. Roupa e calzado e equipamento en xeral.

1º.8. Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

1º.9. Formación nas habilidades sociais básicas.

1º.10. Colaboración no apoio e orientación ás familias dos/as menores.

2º. Servizo de atención de día integral, que comprende:

2º.1. Aloxamento diúrno en instalacións adecuadas.

2º.2. Atención en unidades de funcionamento autónomo que contén polo menos coa presenza dun educador por unidade.

2º.3. Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.

2º.4. Horario de atención mínimo de 8 da mañá a 8 da tarde.

2º.5. Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.

2º.6. Hixiene e educación nos hábitos de saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.

2º.7. Apoio e seguimento escolar, incluíndo materiais educativos e didácticos.

2º.8. Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

2º.9. Financiamento do transporte cos recursos cos que conta o centro.

2º.10. Roupa e calzado.

2º.11. Servizos de titorías: orientación psico-educativa.

2º.12. Servizo médico-pediátrico cos recursos cos que conta o centro.

2º.13. Traballo coas familias no centro: apoio e seguimento psicosocial para acadar a súa autonomía na crianza dos/as nenos/as.

d) Asumir, sobre os menores ingresados, as funcións inherentes á garda segundo a normativa vixente.

e) Asumir a dirección técnico-educativa e o réxime interior así como a organización de persoal.

f) Dispoñer no complexo dun libro de rexistro de usuarios e un libro de reclamacións a disposición deles.

g) Ter subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións as persoas usuarias e sinistros do edificio.

h) Facilitar as tarefas de inspección por parte da Consellería de Política Social e Igualdade e os seus órganos dependentes para comprobar o bo funcionamento e o cumprimento das obrigas contraídas.





- i) Facilitar, en calquera momento e a petición da consellería, información sobre a evolución da situación dos/as menores de protección sobre os que asuma a garda. Así mesmo, proporcionará a información estatística que lle sexa requirida. Esta información estatística deberá desagregar os datos por sexo, de cara a facer posible un enfoque de xénero nos estudos, informes e estatísticas da Administración autonómica, de acordo coas medidas do VIII Plan Estratéxico de Igualdade 2022-2027.
- j) Fomentar a formación e a reciclaxe do persoal especializado que preste atención do/a menor nos centros de acollemento do Complexo.
- k) Gardar absoluta reserva sobre os expedientes dos/as menores atendidos, non podendo facilitar nin revelar datos referidos aos/as menores ou ás súas familias sen autorización da Consellería de Política Social e Igualdade, a excepción dos contidos dos informes que se remitan a Fiscalía de Menores, en cumprimento das obrigas legais.
- l) Executar o Plan individual de intervención que se elabora para cada neno, nena e adolescente polo seu respectivo Equipo Técnico do Menor dos centros de acollemento do Complexo.
- m) Remitir ao Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade que asumiu a medida de protección o Proxecto Educativo Individual (PEI) elaborado polo persoal dos centros de acollemento do Complexo a desenvolver co/a neno/a transcorridos 45 días no caso de ingresos ordinarios e 30 días no caso de ingresos urxentes a contar dende a data de ingreso. A periodicidade dos informes educativos de Evolución será trimestral para menores de 0-3 anos e semestral para menores de máis de 3 anos.
- n) Orientar, promover e fomentar a inserción socio-laboral entre os/as menores tutelados/as ou en garda de máis de 16 anos que nun futuro, acadada a maioría de idade, facilite e posibilite a súa propia subsistencia e competencia profesional.

Quinta. Compromisos da Consellería de Política Social e Igualdade

1. Ditar, a través dos Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade, os acordos de internamento das persoas menores a proposta do Equipo Técnico do Menor (ETM) do correspondente departamento territorial, e en concordancia co disposto pola Comisión de avaliación, nos termos previstos na cláusula décimo primeira do presente convenio. Ademais deberá ter en conta as necesidades do/a menor e as características das prazas convidadas descritas na cláusula terceira.
2. Nos casos excepcionais derivados de circunstancias socio-familiares graves que requiran dun acordo de internamento inmediato do/a menor por parte do Departamento Territorial, poderá ditarse o dito acordo de internamento con carácter de urxencia efectuándose a posteriori todos os trámites previstos no relativo ao funcionamento da Comisión de avaliación.
3. Ditar, a través dos Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade, a medida de desinstitucionalización, por proposta do ETM, que oirá previamente aos profesionais do centro acerca da conveniencia desta medida. Esta resolución fundamentarase na superación das causas que motivaron o ingreso do mozo ou moza ou que as súas circunstancias persoais así o aconsellen.





4. Supervisar o cumprimento dos protocolos de funcionamento dos centros de acollemento do Complexo.
5. Dar preferencia aos/ás menores ingresados para participar naquelas actividades normalizadas de carácter cultural, de ocio e tempo libre que poidan ser realizadas pola consellería.
6. Apoiar a formación permanente do persoal educativo dos centros de acollemento do Complexo.
7. Informar ao persoal directivo e técnico dos centros de acollemento do Complexo das variacións producidas no ámbito familiar do/a neno/a e no plan de intervención familiar acordado.
8. Manter reunións de seguimento de casos, polo menos, con frecuencia trimestral, entre os ETM correspondente e o persoal directivo e técnico dos centros de acollemento do Complexo.
9. Colaborar estreitamente coa Deputación Provincial de Pontevedra na garantía do dereito á saúde do persoal traballador naqueles casos de agresión de menores, adoptando as medidas propostas a este respecto pola Comisión de Avaliación e abordando con carácter inmediato a solución de actos violentos.

Sexta. Condicións económicas

Para a realización de actuacións obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de once millóns douscentos vinte e tres mil novecentos setenta e cinco euros (11.223.975 €), con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.228, da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade	2025	2026	2027	2028	2029
días	(122 días)	(365 días)	(365 días)	(366 días)	(243 días)
PREZO/PRAZA/DIA	68 €	70€	73 €	75 €	78 €
COSTE ANUAL	871.080,00 €	2.682.750,00 €	2.797.725,00 €	2.882.250,00 €	1.990.170,00 €

O incremento progresivo do financiamento achegado pola Consellería de Política Social e Igualdade procura aproximar o importe por praza ao seu custe efectivo, co obxectivo de contribuír ao equilibrio económico na prestación do servizo por parte de ambas administracións.

A Consellería de Política Social e Igualdade retribuirá con ese importe a ocupación real dos centros de acollemento do Complexo. Respecto das prazas totais previstas neste convenio e non ocupadas, ata un máximo de 105, serán retribuídas no 80% dese importe de praza e día.

As compensacións serán satisfeitas mensualmente conforme ás liquidacións presentadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, nas que constará os nenos, nenas e adolescentes en acollemento neste complexo coa data de alta e baixa nese recurso.

O importe será satisfeito por mensualidades vencidas na conta de ABANCA núm. 2080-0401-68-





0040106618 da rúa Augusto González Besada de Pontevedra. Para estes efectos, a Deputación provincial presentará a documentación xustificativa así como a factura ou documento equivalente dentro dos quince días seguintes ao mes de vencemento no departamento competente do Departamento Territorial que corresponda, que procederá posteriormente e con carácter inmediato a tramitala.

A Consellería de Política Social e Igualdade asumirá, previos os trámites oportunos, os gastos para tratamentos especiais ou extraescolares que excedan de 60 € cando sexan basicamente necesarios para o desenvolvemento integral do/a menor e non estean contemplados pola Seguridade Social, como gafas, próteses auditivas, terapias, entre outros.

Sétima. Relacións laborais do persoal que preste o servizo

O persoal que a Deputación Provincial de Pontevedra poña a disposición das prazas, tanto de acollemento residencial como de atención de día integral, ocupadas por nenos, nenas e adolescente do sistema de protección derivados polos ETM da Consellería de Política Social e Igualdade, en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser a Deputación Provincial de Pontevedra a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

Oitava. Confidencialidade dos datos persoais

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

No seu cumprimento a Consellería de Política Social e Igualdade, autoriza á Deputación Provincial de Pontevedra como encargada do tratamento para acceder aos datos de carácter persoal dos menores baixo tutela da Xunta, para os únicos efectos da execución deste convenio. A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Deputación Provincial de Pontevedra tratará os datos só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a atención e acollemento dos nenos, nenas e adolescentes do sistema





de protección, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teñan acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación, e de acordo coas instrucións do responsable do tratamento destes datos que é a Consellería de Política Social e Igualdade.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á/ao responsable do rexistro de actividades, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén, non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación, neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo a responsable do ficheiro a dita conservación.

Novena. Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio

De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está formada polos seguintes membros:

- O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que a presidirá.
- O Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra.
- O xefe do Servizo de Protección de Menores.
- A coordinadora xeral do complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe".

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designado pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, que designará tamén a súa suplencia.

Os membros deste órgano serán suplidos de acordo coas normas de organización interna de cada institución.

A Comisión reunirse semestralmente ou en calquera momento a petición de calquera das partes asinantes. Unha vez solicitada a convocatoria por calquera das partes, o prazo máximo para levar a cabo esta reunión será de 10 días.

Décima. Comisión de avaliación

1. Para a valoración e a emisión das propostas sobre o ingreso, baixas e incidencias en relación ás persoas usuarias dos recursos dos centros de acollemento do Complexo, constitúese unha comisión de avaliación.

A dita comisión estará composta por 3 técnicos/as de cada unha das administracións asinantes. Tanto os membros titulares como os respectivos suplentes serán nomeados polas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e da Deputación Provincial de





Pontevedra. A presidencia exerceráa un dos/as técnicos/as designados/as pola Conselleira de Política Social e Igualdade. A designación para este cargo correspóndelle á dita conselleira a proposta da persoa titular do Departamento Territorial competente do expediente de protección.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/ha funcionario/a adscrito/a ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica do Departamento Territorial competente do expediente de protección. Tanto o secretario titular como o/a suplente serán nomeados/as pola conselleira de Política Social e Igualdade a proposta da persoa titular do Departamento Territorial competente do expediente de protección.

Esta comisión desenvolverá as seguintes actuacións:

a) Análise e valoración do plan individualizado de protección do neno, nena ou adolescente, sempre previos ao seu ingreso aos efectos de planificar actividades, destinar unidades, entre outras cuestións. Desta valoración darase traslado ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica do Departamento Territorial competente do expediente de protección que, unha vez examinado, determinará as decisións que correspondan.

b) Valoración dos ingresos nos tres centros, Centro Infantil Príncipe Felipe, Centro Infante Xuvenil Agarimo e Centro Infante Xuvenil Escola Fogar.

c) Avaliación continua das persoas usuarias nos centros de acollemento do Complexo e proposta das medidas máis adecuadas ante situacións de especial transcendencia para o desenvolvemento normal da convivencia en particular e do servizo en xeral, tales como:

- Menores con problemas de conduta e/ou inadaptación que alteren o normal desenvolvemento da convivencia diaria e protección do resto de usuarios residentes dos centros de acollemento do Complexo.
- Menores que estean baixo tratamento derivado de problemas psiquiátricos que poidan derivar en conflitos graves co resto de residentes.
- Menores con problemas de adicción a estupefacientes.

No proceso de derivación de menores ao complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", observarase rigorosamente que o perfil do/a menor responda ás características de idoneidade dos centros de acollemento do Complexo para a súa atención, tendo presente a adecuación á tipoloxía do centro e as características do persoal, así como a garantía do dereito deste a súa saúde.

2. No seno da Comisión de avaliación no caso de discordancia entre o equipo técnico da Consellería e o equipo Técnico da Deputación Provincial de Pontevedra, a proposta que prevalecerá, e que polo tanto se porá en coñecemento do Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica do Departamento Territorial competente do expediente de protección, será a do equipo Técnico da Deputación Provincial de Pontevedra. Esta prevalenza do equipo técnico da Deputación Provincial de Pontevedra afectará aos seguintes casos:

1. A valoración de novos ingresos.
2. Avaliación de menores ingresados con proposta de cambio noutro recurso da rede do sistema de protección.

No caso do apartado a), a discordancia do equipo técnico de Deputación Provincial de Pontevedra dará como resultado o non ingreso da persoa menor no complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe".





No caso do apartado b), a discordancia do equipo técnico da Deputación Provincial de Pontevedra respecto da continuidade da menor no complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe" daría lugar á proposta de traslado a noutro recurso da rede do sistema de protección. Esta proposta será elevada á Consellería de Política Social e Igualdade, que deberá facer efectivo o traslado desa persoa menor no prazo de 40 días. Excepcionalmente, este prazo poderá ampliarse por acordo das partes, tendo en conta o interese superior da menor.

A Comisión de Avaliación comunicará e dará traslado da proposta ao Departamento Territorial competente do expediente de protección, que deberá adoptar a medida proposta no prazo máximo de 7 días. Unha vez adoptada, esta será comunicada por escrito á Dirección Xerente do Complexo "Ciudad Infantil Príncipe Felipe".

En caso de incumprimento do establecido nos parágrafos anteriores, esta circunstancia comportará a imposibilidade de admitir novos ingresos nos centros de acollemento do Complexo Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Cando a proposta se refira a un traslado noutro recurso da rede do sistema de protección, a Deputación Provincial de Pontevedra deberá xustificar adecuadamente o traballo levado a cabo co menor desde o seu ingreso en función do seu Proxecto Educativo Individual, especialmente o referido ao tempo transcorrido desde o último informe de seguimento, así como as causas polas que non é posible acadar desde o centro os obxectivos fixados naquel.

Décimo primeira. Vixencia

O presente convenio estará vixente desde a data da sinatura, con efectos desde o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2029.

Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

No intre da sinatura deste convenio de colaboración, darase por resolto e finalizado o convenio de colaboración asinado con data 25 de xuño de 2021 pola consellería competente en materia de política social, para levar a cabo o servizo de atención residencial de menores no Centro "Ciudad Infantil Príncipe Felipe", en vigor ata o 31 de agosto de 2025 actualmente en acordo de prórroga.

Décimo segunda. Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.

A parte que considere que se incumpriron cláusulas ou se alterou o contido comunicarllo á Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control prevista na cláusula novena, que analizará os argumentos e emitirá a proposta de resolución, sen prexuízo do establecido na cláusula décimo terceira.

- O mutuo acordo das partes.





En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo terceira. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

Así mesmo, estarase ao disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e de conformidade coa normativa de contratos do sector público e de acordo coa Lei 40/2015 do 1 de outubro.

Mediante a sinatura deste convenio as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas xurdidas que poidan xurdir entre as partes durante o desenvolvemento e a execución deste convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio prevista na cláusula novena, someterase xurisdición contencioso-administrativa de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Décimo cuarta. Remisión do convenio ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas

Dentro dos tres meses seguintes á subscripción deste Convenio, será remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, de acordo co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo quinta. Comunicación, divulgación e publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo sexta. Modificacións

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, previos os informes preceptivos xurídicos e de fiscalización.





Décimo sétima. Relacións electrónicas

Ambas as administracións públicas, de acordo coa súa condición, relacionaranse electrónicamente a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), tal e como se preceptúa no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 3.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e nos artigos 56 e 60 do Real decreto 203/2021, do 30 marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Non obstante do anterior, de non poder empregarse o SIR, as diferentes comunicacións entre ambas as dúas administracións efectuaranse a través dos medios de notificación habilitados en cada unha delas.

Ambas as dúas partes, en proba de conformidade acordan asinar de xeito electrónico este convenio.

Pola Conselleira de Política Social e
Igualdade

A conselleira

Pola Excelentísima Deputación Provincial de
Pontevedra

O presidente

O secretario xeral

Fabiola García Martínez

Luis López Diéguez

Carlos Cuadrado Romay

(En calidade de fedatario segundo o Art. 3, apartado i do "RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional")

